

# Pedro Chosco

Pedro Chosco é un trasniño moi popular entre os pequenos de Galicia e Asturias. Trátase dun ser moi silencioso, xeralmente represéntase coma un homiño de barba branca, adoita ser de xeitos doces e dise que a súa voz é grave e que se encarga de durmir aos nenos con suaves caricias e arrolos.

Os/as nenos/as ven ao trasniño chamado Pedro Chosco cando están cansos despois de todo un día de xogos, pero aínda desexan prolongar un pouco máis o día. Cando chega o anoitecer, os pequenos están xa rendidos e teñen un ollo pechado e o outro case non o poden abrir.

Aos nenos galegos e ástures seguro que algunha vez lles dixeron ao ver que chega a hora de ir buscar a calor das sabas na cama e xa se caen de sono, mentres os levan á habitación: *Xa anda por aí Pedro Chosco?*

É unha metáfora do sono, un trasniño que evolucionou moito coa fantasía dos maiores, en especial os pais e avós que se encargan de adornar as historias arredor do trasno para os máis pequenos.

De carácter sempre amable e de voz doce e moi pausada, dise que os seus arrolos son máxicos e teñen o poder de durmir a quen os escoita. Tense pola representación do sono e dise que é grande a súa amizade cos nenos de todo o mundo.

<http://lacunademagni.blogspot.com/> (adaptación)

1. Debuxa como imaxinas a Pedro Chosco.

2. Coñecías este personaxe máxico? Onde e a quen lle oíras falar del?

---

---

---

---



